

PROBA DE ACCESO**PROBA ORDINARIA****ESPECIALIDADE: PEDAGOXÍA DO LINGUAXE E DA
EDUCACIÓN MUSICAL**

A): Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), durante aproximadamente quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo candidato/a.

A relación deberá incluír alomenos catro obras que serán de dificultade media e de diferentes estilos. No caso do canto, a relación será como mínimo de oito obras, tamén de dificultade media e de distintos estilos.

Se a instrumentación de calquera das obras o require, os aspirantes deberán aportar os seus propios acompañantes.

B): Proba vocal a solo e máis en conxunto

1. Entonación a unha voz sen acompañamento dunha peza de mediana dificultade proposta polo tribunal.

A peza será de carácter tonal con modulacións e con relevancia interválica na melodía. Se concederán uns minutos para a súa preparación.

2. Entonación a dúas ou tres voces dunha peza breve de dificultade media, proposta polo tribunal, que poderá ter texto, e que será interpretada polo conxunto dos aspirantes en grupos de dous ou tres. Cada grupo disporá de quince minutos para a súa preparación.

C): Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal.

No texto ou na melodía proposta se han de ter en conta os parámetros rítmicos, melódicos e harmónicos, aplicando instrumentación escolar e piano, así como percusión corporal.

A extensión da peza será, como mínimo, de dezaseis compases.

O tribunal designará a instrumentación a aplicar.

Concederáse un tempo de preparación dunha hora.

D): Lectura a primeira vista ó piano dunha peza breve de dificultade media.

Concederáse un tempo de preparación de dez minutos.



PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

**ESPECIALIDADE: PEDAGOXÍA DO LINGUAXE E DA
EDUCACIÓN MUSICAL**

AS DIFERENTES PARTES DA PROBA DE ACCESO ORDINARIA ESTARÁN
PONDERADAS DA SEGUINTE MANEIRA:

ESPECIALIDADES	PARTE A	PARTE B	PARTE C	PARTE D
PEDAGOXÍA	20%	60%	5%	15%

Acordo da Comisión Pedagóxica do día 5 de abril de 2006

Obras orientativas de lectura a primeira vista ó Piano:

Schumann: Album de la juventud nº 2
Beethoven: Sonatina nº 5 en Sol M
Clementi: Sonatina, op.36 nº 1
Diabelli : Sonatina, op. 151 nº 1 en Sol M
Kabalevsky : Piezas infantiles nº 20
Bartok : Para niños, Vol. I, nº 3
Bartok: Mikrokosmos, Vol. II, nº 40
Shostakovich: 6 piezas infantiles, nº 10